



***Black Friday* de R: os mellores smartphones, xigas ilimitados de regalo para clientes e prezos imbatibles para novas altas**

- ***Os/as clientes/as de R gozarán durante este Black Friday de descontos inigualables en smartphones e de xigas ilimitados de regalo durante 3 meses pola compra dun dispositivo.***
- ***Para as novas altas, o operador galego lanza Fibra 300 megas, 2 liñas de móbil con xigas ilimitados, TV con deco 4K e fixo con chamadas por só 19 euros ao mes durante 6 meses. Ofrécese, ademais, a posibilidade de gozar de Fibra 1 xiga polo mesmo prezo que Fibra 300 megas durante 3 meses.***
- ***A campaña Black Friday de R desenvolverase do 15 ao 30 de novembro.***

Luns, 15 de novembro de 2021.- R celebra o *Black Friday* durante as próximas semanas cunha oferta pensada para clientes/as e para non clientes/as que inclúe produtos de valor a prezos moi competitivos.

O operador galego ofrece á súa carteira de clientes/as unha oferta nesta pretemporada do Nadal marcada, un ano máis, polos **imbatibles prezos en móbiles** de calquera gama. Do 15 ao 30 de novembro os clientes/as de **R** gozarán dun aforro de entre un 10 % e un 40 % sobre as mellores ofertas existentes no mercado, e de **xigas ilimitados de regalo durante 3 meses** pola compra de calquera dispositivo móbil.

Entre outras moitas alternativas, os/as clientes/as de **móbilR** poderán estrear un Oppo A54 por só 6 €/mes durante 24 meses. Un dos puntos fortes deste *smartphone* radica na súa batería de gran capacidade que, ademais, incorpora soporte para carga rápida. Tamén poderán elixir un Xiaomi 11 Lite 5G, o terminal de Xiaomi máis lixeiro do momento, por só 13 €/mes.

O Samsung Galaxy A52s por 14 €/mes é outra das opcións que os/as clientes/as de **R** teñen á súa disposición. A pantalla deste terminal incorpora un panel Super AMOLED de 6,5 polgadas con resolución FullHD+ e, curiosamente, unha taxa de refresco (rapidez con que se actualizan as imaxes en pantalla) de 120 Hz, algo que normalmente queda reservado para os modelos máis potentes.



Xunto aos prezos inigualables nos smartphones e a posibilidade de gozar de xigas ilimitados de regalo durante 3 meses para todos/as os/as clientes/as que adquiriesen un móbil, **R** pensou en facilitar as compras de Nadal con **outros dispositivos** -non terminais móbiles- como o Xiaomi Mi Electric Scooter 1S EU por 18 €/mes, os auriculares Oppo Enco Air por 3 €/mes, o Xiaomi Mi Watch por 5 €/mes e a Tablet Lenovo Smarth Tab con Alexa por 6 €/mes. E para estes meses en que as persoas pasan máis tempo na casa, **R** deseñou propostas dirixidas a gozar do lecer no fogar estreando televisores a prezos imbatibles como a TV LG 43" UHD por 14 €/mes.

Unha promoción de benvida para non clientes

O **Black Friday** de **R** trae, ademais, unha **promoción exclusiva para quen contrate os seus servizos** de telecomunicacións co operador galego. As novas altas deste mes poderán gozar dunha promoción de benvida que inclúe: Fibra 300 megas, 2 liñas de móbil con xigas ilimitados, TV con deco 4K e fixo con chamadas por só 19 euros ao mes durante 6 meses. Ademais, ofrécese a posibilidade de probar Fibra 1 xiga polo mesmo prezo que Fibra 300 megas durante 3 meses.

Co lanzamento da campaña *Black Friday* de 2021, R valida a súa proximidade e compromiso cos/as clientes/as que dende sempre lle brindaron a súa confianza e, á súa vez, responde e adáptase ás necesidades do mercado con novas propostas comerciais.

do 15 ao 30 de novembro

venres **R**
negro

ven a **R** **19** €/mes
6 meses

libre 1GB
fibra 300 megas

2 liñas GB ilimitados

TV deco 4K

R.gal | tendas R | 1445

R

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal